Os resultados da avaliación docente, obtidos a través da correspondente enquisa, son tamén adecuados e no curso 2019-2020 sitúanse en 3,78 (sobre 5), idéntico resultado ao obtido no curso anterior.

En canto á valoración da satisfacción do alumnado e das persoas tituladas, este bloque de ítems, referidos aos recursos humanos, é o que obtén unha puntuación máis alta, ao acercarse no curso 2019-2020 en 2,95 e 3,07, respectivamente.

4.2. Os servizos están ben valorados. A conexión dos nosos servizos administrativos situados nun edificio que se atopa no centro da cidade pode, nalgúns casos, sufrir carencias ao desconectarse cos servizos centrais do campus.

A cualificación do noso profesorado, os recursos humanos administrativos, técnicos e persoal de mantemento foron tradicionalmente unha das nosas fortalezas.

Nas recomendacións de mellora do ano 2015 evidénciase a necesidade de revisión nos talleres multiuso. Nestes momentos, desde a dirección de Facultade está a solicitarse información sobre o uso e a seguridade nos distintos talleres, coa intención de progresar nas súas melloras.

En canto á valoración da satisfacción do alumnado e das persoas tituladas, este bloque de ítems, referidos aos recursos humanos, é o que obtén unha puntuación máis alta, ao acercarse no curso 2019-2020 en 2,95 e 3,07, respectivamente.

Puntos febles detectados:

- A pesar do lixeiro aumento nos últimos cursos da porcentaxe de sexenios obtidos, segue a ser baixo.

Accións de mellora que se deben implantar:

- Manterse alerta en canto á evolución do número de sexenios do profesorado e indagar nas posibles causas deste baixa porcentaxe.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e, fundamentalmente, resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

<p>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias que deban ser adquiridas por estos/as.</p> <p>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do alumnado son os axeitados ás necesidades do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>Os recursos materiais, aulas, talleres, laboratorios, biblioteca, sala de exposicións, espazos administrativos... están optimizados e permiten acceder a un abanico moi amplo de procedementos e tarefas destinadas a responder as necesidades da aprendizaxe das Belas Artes.</p> <p>Nin os datos positivos herdados nin as circunstancias adversas impedíronnos estar atentos á necesaria renovación dos medios, materiais, talleres e laboratorios da Facultade. A valoración por parte do alumnado é positiva.</p> <p>-Os laboratorios, talleres e espazos experimentais, e o seu equipamento: 3,30</p> <p>-Os espazos para o traballo autónomo: 3,14</p> <p>No punto 3, nas conclusións do informe do curso 2017-18, faise referencia á deterioración dos equipamentos básicos: mesas/cabaletes, banquetas, cadeiras,...</p> <p>Durante o curso 2019-20 prestóuselle especial atención e substituíronse moitos destes elementos deteriorados. Ademais tamén se revisaron e repintaron os espazos de traballo individualizado do alumnado de 4º curso, e se substituíron equipos obsoletos e equipamentos de pequenas ferramentas nas aulas.</p> <p>Tamén se reacondicionou o obradoiro de pintura do 1º curso e o laboratorio de risografía.</p> <p>Ademais realizáronse obras e adecuación de espazos de secretaría de alumnado e arquivo, así como a instalación de mobiliario do patio.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

<p>Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egresado e correspóndense co nivel do MECES da titulación.</p> <p>Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egresado e se se corresponden co nivel do MECES do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>Os resultados académicos da titulación reflectidos nos indicadores de rendemento, éxito e eficiencia da titulación son positivos, manténdose, en termos xerais, estables no tres últimos cursos académicos.</p> <p>A taxa de abandono tamén está moi contida e a súa evolución foi positiva, descendendo no tres últimos cursos académicos ata situarse nun 10,3 % no curso 2019-2020.</p> <p>A taxa de gradación tamén experimentou unha evolución positiva ao pasar do 53,68% en 2017-2018 ao 59,85% en 2019-2020.</p> <p>Os resultados académicos, a pesar de non presentar problemas, son sistematicamente analizados no Informe de revisión pola dirección, que, a excepción do curso pasado e como consecuencia do desenvolvemento de distintas accións académicas, organizativas, metodolóxicas, urxentes e especiais derivadas da alerta sanitaria, se foi publicando anualmente.</p> <p>As taxas referidas ás distintas materias tampouco presentan valores que se afasten da racionalidade xeral.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> Mellorable taxa de gradación 	<p>Accións de mellora que se deben implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> Analizar as causas que lastran a consecución de mellores resultados de gradación.
<p>Evidencias nas que se se baseou a valoración:</p> <p>E4: Guías docentes das materias</p> <p>E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)</p> <p>E25/: Informes de cualificación por materia</p> <p>EA11: Informes de prácticas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción</p> <p>I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)</p>	

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

<p>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.</p> <p>Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.</p>
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p>

7.1. Como xa se recolle amplamente no criterio 1, a titulación é moi demandada, a adecuación é alta e os resultados, en xeral, son positivos. Aínda así, a tarefa de revisión da titulación está posta en marcha para a maior adecuación do Grao de BBAA ás condicións e demandas da arte contemporánea hoxe.

7.2. Os resultados de satisfacción son mellorables, e non alcanzan o valor medio no curso 2019-2020, tanto no que se refire ao alumnado como ás persoas tituladas.

A valoración dos egresados é superior á do alumnado que cursa os estudos. Varios dos ítems son positivos, destaca a formación adquirida na práctica.

A orientación profesional e laboral recibida, con 1,85 é un dato preocupante. A procura de sinerxías con asociacións profesionais de artistas en Galicia e co tecido do sector da arte é unha tarefa que pode facilitar a implementación de actividades que melloren esta carencia. A exposición *Do Final e do comenzo* realizada ao final de cada curso cos traballos das/os graduados/as en Belas Artes é un síntoma do nivel de formación adquirido.

7.3 Ata o curso 2014-15 a inserción laboral era do 80 %, segundo o último informe do Consello Social da Universidade de Vigo. Constátase que parte do alumnado egresado continuou os seus estudos nos distintos másteres ofertados pola Universidade de Vigo, en consecuencia, os tempos de inserción no ámbito laboral dos egresados pasan da finalización do grao á do máster.

Nestes momentos está a contactarse con asociacións profesionais de artistas en Galicia, sendo estes uns dos camiños ensaiados para traballar na mellora da empregabilidade.

A exposición recentemente inaugurada no CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) *Cultivar incertezas/conmociónar a mirada*. -18 febreiro-23 de maio de 2021- cuxa temática é o 30 aniversario da Facultade, é un síntoma do recoñecemento das institucións artísticas polo traballo do noso centro e dos nosos egresados. <http://cgac.xunta.gal/ES/exposicion/5/Actuales>

Puntos febles detectados:

- A orientación profesional e laboral recibida

Accións de mellora que se deben implantar:

- Mellorar a conexión e programar actividades en contacto co sector e cos diferentes axentes da arte contemporánea.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de gradación

Taxa de abandono

Taxa de eficiencia

Taxa de rendemento

Taxa de éxito

Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación Mestrado en deseño e dirección creativa en moda

**Inclúiranse tantos informes de análise como titulacións estean adscritas ao centro*

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e implantado de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Respecto ao Mestrado en deseño e dirección creativa en moda, o curso comezou con 19 alumnos/as de novo ingreso.

Como é habitual, o primeiro día de curso realizouse un acto de benvida e presentación, onde estiveron presentes a maior parte dos profesores das materias, así como os alumnos.

Deuse coñecemento aos estudantes do desenvolvemento da iniciativa DEBUT 2019 para o desenvolvemento da cal se deseñaron unha serie de formacións complementarias que se desenvolverían na primeira parte do cuadrimestre e que ofrece aos alumnos dos dous cursos diferentes actividades complementarias e que segue sendo un punto de inflexión no curso, xa que supón unha formación complementaria de altísima calidade.

Estas actividades comprendían o desenvolvemento dun taller coa investigadora Anastasia Pistofidou, especializado na Innovación na investigación téxtil, que se desenvolvería o 18 de novembro; un taller de retoque fotográfico da man do especialista Daniel Garzee, que estaría dedicado á posproducción para fotografía de moda. Tamén se informou os estudantes de que se desenvolvería un taller con Félix Pérez Oliveira, centrado en técnicas de iniciación ao traballo con plumas. E os estudantes de segundo curso terían a oportunidade de revisar os seus proxectos coa profesora do London College, Elinor Renfrew, e a reputada experta en moda e directora de moda durante moitos anos do Daily Telegraph, Hilary Alexander.

Con respecto ao desenvolvemento das clases, o primeiro cuadrimestre transcorreu con normalidade e na reunión que se celebrou ao comezo do segundo cuadrimestre co estudantado non se detectan problemas significativos, reflectíndose algúns aspectos, como unha excesiva sobrecarga de traballo na materia de Laboratorio de Materiais. Posteriormente e nunha reunión co coordinador abordouse esta

dificultade exposta polo alumnado e acordouse realizar unha revisión do programa para unha mellor distribución da carga de traballo.

Informouse tamén os alumnos sobre as modificacións no cronograma da materia de Portfolio de segundo cuatrimestre, que concentrou os seus horarios para facilitar as incorporacións a prácticas

No Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda inicianse as clases con normalidade e vese suspendida a actividade presencial a metade de cuatrimestre polas normas de confinamento o 16 de marzo, e con iso tamén se viron suspendidas gran parte das actividades programadas, especialmente todas as actividades complementarias.

Desde esa data o resto do curso desenvolveuse de forma virtual e houbo que desenvolver numerosos axustes na programación: cambio de calendario, datas de entrega, calendario de defensa de TFM, suspensión ou atraso nas prácticas etc..

O primeiro paso foi a modificación das guías docentes de todas as materias do segundo cuatrimestre e desenvolver a docencia a través de sistemas virtuais, adaptando a docencia á situación, o cal expuxo numerosos problemas, debido ao carácter especialmente práctico do máster. Realizáronse varias reunións virtuais cos alumnos do máster dos dous cursos co fin de solicitar as súas preocupacións e necesidades para procurar vías de mellora. Estas cuestións redactáronse e transmitíronse á Vicerreitoría co fin de solicitar medidas de apoio.

Con respecto ás preocupacións que afectaban os alumnos de primeiro en materias fundamentalmente prácticas, como Fotografía e Proxectos de Moda I e II, que afectaba uns 22 alumnos.

Modificáronse as guías docentes ata a fronteira que nos permitía manter a esencia de contidos e competencias que o estudante debía adquirir.

A formulación para estas materias que eran eminentemente prácticas e de elaboración de prototipos que necesitaban de talleres, equipamento e materiais, que non estaban dispoñibles. Expúxose deixar igualmente aberta a acta de xullo e estender o seu peche ata setembro. Esta foi a opción que finalmente lle demos á materia de Proxectos de moda II, xa que na de fotografía conseguimos axustala en programación.

As Prácticas que estaban pendentes para 15 alumnos de segundo curso eran un tema importante e expomos vías de solución:

A posibilidade de pechar as actas da convocatoria de xullo de prácticas ata finais de setembro na segunda convocatoria, xa que non afectaría os dereitos de ningún estudante, xa que son actas que se pechan de forma individual e, polo tanto, só amplían as posibilidades sen menoscabo de ningún dereito.

Outra solución importante, en todo caso, e que sería interpretado de forma moi positiva e daría aos estudantes sensación de comprensión, é abrir a posibilidade de matricularse no curso 2020/21 nesta

materia e en TFM con taxa gratuíta (respecto aos docentes, o custo xa está asumido, xa que é un risco que sempre temos, dirixir TFM e que logo non se defendan nese curso). Creo que isto se debe defender diante da Xunta de forma vehemente.

Finalmente se solucionou alongando o período no que se podían desenvolver, e, finalmente, 14 alumnos dos 15 puideron completalas de forma suficiente, o cal foi un reto importante, xa que as empresas de deseño e de moda estaban a afrontar a perda dunha campaña e o peche sostido das súas tendas.

Con respecto ao seguimento do TFM, atopámonos con inconvenientes destacados que afectaban unha vintena de alumnos de segundo curso, xa que este traballo comprende a realización dunha colección de entre 8 e 10 estilismos de moda completamente desenvolvidos. O alumnado enfrontábase ás seguintes dificultades :

- Imposibilidade de adquirir tecidos, porque o comercio e a industria están pechados e, en moitos casos, tampouco poden confeccionar na súa casa todas as pezas, porque non dispuñan das condicións.
- Non teñen acceso aos talleres nin ao equipamento preciso.
- As clases e o seguimento online presentaban moitas limitacións, xa que hai que tocar e ver os resultados en proximidade. O equipo de profesores mostrouse comprometido coa posibilidade de darlles soporte en maio, xuño e xullo, e mesmo facer o seguimento á volta en setembro para garantir que poidan levar o seu traballo a termo.

Por iso solicitouse a posibilidade de pechar as actas igualmente ata finais de novembro de forma extraordinaria, xa que eses dous meses de dilación no peche de actas nos daría a posibilidade de non causar prexuízo a ninguén, xa que son actas individuais, é dicir, pódese facer uso ou non, dependendo dos casos. Se se estendía o peche de actas destas dúas materias (prácticas e TFM), poderíamos atenuar o impacto que este peche tivo na súa formación. Esta solución é a que finalmente se adoptou, e, por tanto, o curso pechouse de forma inédita a finais de novembro.

Presentáronse na convocatoria de maio dous proxectos e na final de novembro os proxectos doutros catro estudantes, que fan un total de seis.

Aínda así, avaliando os resultados de abandono e non presentados, asumimos que a pandemia e o longo confinamento tivo un impacto notable na vida dos estudantes. A situación de docencia virtual e a adaptación a esta supuxeron múltiples inquietudes e dificultades e un sobreesforzo de coordinación que, cun esforzo notable por parte do equipo e da coordinación, puido paliarse e levar o curso a bo porto.

Cando se levantaron as medidas de confinamento e se autorizou o acceso á universidade, aínda que o curso xa estaba terminado, prestóuselles aos alumnos titorías individuais coordinadas pola

coordinadora do título ao longo dos meses de xuño e xullo, co fin de suplir a necesidade de seguimento para que os alumnos fixesen uso destas asesorías cara ás convocatorias de xullo e setembro, tanto para o alumnado de primeiro curso como para os de TFM.

Polas restricións e complexidades que presentou o curso e pola súa extensión ata novembro, non se realizaron novas reunións específicas de satisfacción, aínda que si se desenvolveu un seguimento de evolución do curso a través de numerosas comunicacións cos estudantes por vía telemática.

Puntos débiles detectados:

-

Accións de mellora que se deben implantar:

-

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado (gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os

axentes implicados nel (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:	
<p>Por outra banda, no Mestrado en deseño e dirección creativa en moda, ofrecíanse dúas formacións centradas na adquisición de competencias para a incorporación ao mundo profesional da man da técnica da FUVI, Ángeles Manzanares, que impartiría Introducción para redacción de CV e orientación para prácticas extracurriculares, e, pensado para os estudantes de segundo curso, un obradoiro centrado na entrevista de traballo, impartido polo especialista en RRHH, Jacobo Barral Ribadas.</p> <p>Tamén se lles informa da formación complementaria en patronaxe e confección, que se lles ofrece de man do programa e que é unha actividade moi valorada habitualmente. O laboratorio aberto complementario de patronaxe e confección, que se desenvolve en paralelo ao horario do Máster e durante todo o curso.</p> <p>A principios de decembro avalíouse o programa de actividades complementarias datos e todos os estudantes do Máster participaron en, como mínimo, unha actividade e mais do 70% en, polo menos, dúas. Realizouse unha reunión informal ao comezo do segundo cuadrimestre cos alumnos de primeiro e segundo curso e a valoración dos talleres e formacións foi moi positiva por parte do alumnado, especialmente os workshops con especialistas internacionais e a participación na organización do desfile.</p> <p>Ao comezo do segundo cuadrimestre infórmase os alumnos sobre varias actividades planificadas, entre elas unha visita a INDITEX e, como nos anos anteriores, vai desenvolverse unha actividade de proposta en colaboración con ZARA, e o programa Young Talent.</p> <p>Tamén se lles informa de que como actividade voluntaria convidáselles a participar no Fashion and Design Conference. Creation & research un congreso internacional que o Grupo de investigación DX7 involucrado no Máster forma parte activa e que se organizou para o mes de marzo</p> <p>Ao comezo do segundo cuadrimestre infórmase os alumnos sobre varias actividades planificadas, entre elas unha visita a INDITEX e como nos anos anteriores vaise a desenvolver unha actividade de proposta en colaboración con ZARA, e o programa Young Talent.</p> <p>Tamén se informa de que, como actividade voluntaria, son convidados a participar no Fashion and Design Conference, Creation & Research, un congreso internacional que o Grupo de investigación DX7, involucrado no Máster, forma parte activa e que se organizou para o mes de marzo.</p>	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora que se deben implantar:
•	•
Evidencias nas que se baseou a valoración:	
E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)	
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública	
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración:	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora que se deben implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas da Comisión Académica/Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (se é o caso)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade <u>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></p>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

<p>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e co número de estudantes.</p> <p>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>Ver comentarios do Grao en Belas Artes</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora que se deben implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

<p>Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias que deban ser adquiridas por estes/as.</p> <p>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>Ver comentarios do Grao en Belas Artes</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora que se deben implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: N° de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

<p>Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egresado e correspóndense co nivel del MECES da titulación.</p> <p>Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egresado e se corresponden co nivel do MECES do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>No Mestrado de deseño e dirección creativa en moda organizouse unha xornada de captación de talento cos responsables de RRHH das principais empresas colaboradoras.</p> <p>Temos constancia de que un número significativo desas entrevistas se materializaron nunha oferta de contratación e incorporación. Nos meses inmediatos informáronnos respecto diso os seguintes estudantes:</p> <p>Alexandra Pais en ZARA HOME (Grupo Inditex) Laura Murillo en Adolfo Domínguez Andrea Flórez en Lefties (Grupo Inditex) Anais Kerbrat en MITWILL Silvia Marra en Bimba y Lola Sandra Parguñña en MITWILL Tania Campos (á parte/posta en marcha dun proxecto propio)</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora que se deben implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se se baseou a valoración:</p> <p>E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/fin de mestrado (título,titor e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)</p>	

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

<p>Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna. Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • • 	<p>Accións de mellora que se deben implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>	
<p>Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <input type="checkbox"/> Taxa de graduación <input type="checkbox"/> Taxa de abandono <input type="checkbox"/> Taxa de eficiencia <input type="checkbox"/> Taxa de rendemento <input type="checkbox"/> Taxa de éxito <input type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-DO: Duración media dos estudos</p>	

IV. MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

Modificacións na titulación de Grao en Belas Artes

**Nesta epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións estean adscritas ao centro*

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Durante o curso 2019-20 produciuse un peche universitario desde o 13 de marzo, que supuxo cambios significativos na docencia dos títulos impartidos. Isto supuxo implementar as guías docentes con plans de continxencia en previsión da necesidade de impartir a docencia de maneira non presencial.

V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*Cada titulación deberá incorporar un seguimento das accións de mellora que puxo en marcha no curso ou cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento destas

Accións de mellora *	Estado situación	Comentarios /observación
2. Descoordinación das materias		
5. Participación baixa en enquisas de avaliación		
7. Programa Docencia, o que supón acordos		

Con respecto ás conclusións dos acordos do último informe 17-18, mellorouse substancialmente o punto relativo á deterioración dos equipamentos, que xa se solucionou, así como a situación de todos os elementos relativos á transparencia que se vían afectados pola anterior páxina web do centro.

En relación cos demais aspectos, pospuxéronse pola xestión da docencia, debido á situación especial polo Estado de alarma decretado polo Goberno.

VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓN(S) DE MELLORA PROPOSTAS

*As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nas epígrafes anteriores. Debe incorporarse toda a información relativa a estas nos formularios de fichas que

se habilitaron na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cubertas a través daquela, como anexo a este informe

- Elaborar táboas de recoñecemento de créditos que faciliten o funcionamento da Comisión académica.
- Manterse alerta en canto á evolución da taxa de satisfacción coa organización e co desenvolvemento da docencia e indagar nas súas posibles causas.
- Revisión e actualización da nova web.
- Mellorar a información e seguimento dos seguintes ítems:
 - As vías nas que podes participar na mellora da titulación. Caixa QSP
 - O cumprimento das túas expectativas formativas
 - A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas)
 - Retomar de forma sistemática a completa xestión documental do SGC
 - Analizar as causas que lastran a consecución de mellores resultados de gradación.
 - Mellorar a conexión e programar actividades en contacto co sector e cos diferentes axentes da arte contemporánea.

VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

D. XOSÉ MANUEL BUXÁN BRAN - presidente
 D. JAVIER TUDELA SÁEZ DE PIPAÓN - secretario
 DNA. ARACELI LISTE FERNÁNDEZ - vogal
 DNA. DOLORES DOPICO ANEIROS- vogal
 DNA. MAR RODRÍGUEZ CALDAS - vogal
 DNA. ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA- vogal
 DNA. IRIA VÁZQUEZ LÓPEZ - vogal
 DNA. ANA CARBALLO FERNÁNDEZ - vogal
 DNA. ANDREA GUISANDE MOREIRA - vogal

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía/xestión de calidade, é importante concluír que:

Conclusións relevantes	
1.	A excepcionalidade do curso 2019-20, pola emerxencia sanitaria e o estado de alerta decretado, afectou a xestión do centro e a docencia das titulacións, e marcou unha axenda para a adaptación a formas non presenciais de docencia e a preparar as condicións da nova normalidade presencial para o seguinte curso.
2.	Durante o curso 2019-20 producíronse dous cambios importantes: -a implementación da web do centro -ferramenta fundamental para facilitar a transparencia das titulacións- -e, en relación cos recursos materiais, produciuse a reposición de recursos didácticos deteriorados (mesas, cadeiras, cabaletes de pintura e equipos informáticos, principalmente) destinados ás aulas e talleres do centro (tal como se sinala no informe de revisión do curso 2017-18); móntase o taller de risografía. Acondiciónase a secretaría académica e os arquivos. Acondiciónanse os espazos asignados aos mestrados extinguidos e os destinados á docencia de 4º curso.
3.	O listaxe de novas accións de mellora propostas (Punto V do informe) a partir dos indicadores obtidos é un elemento de traballo fundamental para o seguimento e a mellora das titulacións do centro.
4.	O informe final de acreditación do Mestrado en deseño e dirección creativa de moda é o documento que marcará os obxectivos de mellora da titulación.

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	A análise pola comisión do SGIC das causas daqueles indicadores negativos detectados que afectan as titulacións do centro..
2.	A implementación das accións de mellora que correspondan con estes indicadores.
3.	Apóbase o informe de revisión do sistema de Calidade pola Dirección, co compromiso de elaborar un anexo no que se recolla unha análise significativa dos resultado do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda

VII. ANEXOS